

Aldín/Barcia/O Barreiro, Boado – Mesía, 1988-10

**Informantes:** José o Zapateiro; unha veciña**Compilador:** Baldomero Iglesias**Autor do rexistro:** Javier Bermúdez Sueiro**Transcrición:** Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. A parroquia de Xanceda de lonxe parece vila ten un caravel na entrada e unha rosa na saída.
2. [As] mociñas de Xanceda cando van xuntas á misa entran pola porta ghrande eí vai a flor de Ghalicia.
3. [As] mociñas de Xanceda moi ghuapas deben de ser onde elas lavan a cara calquera pode beber.  
*Unha veciña:*
4. [Non me] veñas a rondar qu' inda de noxo te quero porque eres un sinverghuenza e un pouco mentireiro.
5. Non dighas eso, marica non seas tan mal falado non te acordas daquel tempo cos fociños me bicabas?
6. Eu bicarte a ti, larpeiro, cara de sardiña cruda? Que tes ovellas e un porco comendo na lavadura!
7. Ben me insultas dese modo porque debías calarte se non queres que descubra outras cousiñas á parte.
8. Nada tes que descubrir cara de bóla peinada que se tuveras verghonza a mín xa non t' arrimabas.
9. Nunca mais m' arrimarei xa que son tan mal falado para acordar onda ti [?] mais que cho teño arrimado.
10. Cálate, boca de sapo nunca te ocupes de min púidome come-lo demo cuando a tí te conocín.
11. Seica tes moita fachenda porque estás apercebida pois eu, anque son pequeno teño o dereito á vida.  
*José o Zapateiro:*
12. Non teñas tanta fachenda nin botes tanto por ela qu'anque te-la casa ghrande pagha-la renda por ela.
13. Ai, esta noite e ma' la i-outra e ma' la i-outra pasada abalei unha pereira que nunca fora abalada.
14. Como te colla no prado como te collín máis veces inda che hei meter no corpo herba para nove meses.
15. [Ao] pasar ao teu cortello atravesei un ramallo qu'o meu becerro é beceiro [?] pobre, que brinca no prado.  
*Ei, carballeira!*  
*O que me dea un pau, doulle un peso, e se é de carballo, trinta réas!*
16. A parroquia de Xanceda moi boa debe de ser ten un loureiro no medio que fumea sin arder.
17. A parroquia de Xanceda rodeada de loureiros viva moito que na i-honra que son os mozos solteiros.
18. O día que me casei tamén bauticei un fillo fixen dúas festas xuntas matei dous pombos cun tiro.  
*Ei, carballeira!*  
*O que me dea un pau, doulle un peso, e se é de carballo, trinta réas!*
19. [Xan]ceda tiene la sona de buen vino y aghuardiente y de las chicas bonitas y de los hombres valientes.
20. [A] parroquia de Xanceda ela nunca tivo medo viva moito que na i-honra que eí chega o cura don Pedro.
21. Vámoslle dedicar unha aos señores profesores no auntamento de Mesía nunca chos tuvo millores.
22. Pa hoxe non canto máis porque estou acatarrado e a última que eu dedico a don José i-o vetrinario.
23. [...] hoxe non canto máis esta i-éche a derradeira acabouse o chocolate parteu a chocolateira.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades